



Previsión de actividades da presidenta do Parlamento de Galicia para o xoves 18 de setembro de 2014

Bruxelas

13,00 h.- A presidenta do Parlamento de Galicia, Pilar Rojo Noguera, na súa condición de presidenta da CALRE (Conferencia de Asembleas Legislativas Rexionais Europeas) participa nun xantar de traballo convocado polo presidente da Comisión Europea, José Manuel Durao Barroso, e o presidente do Comité das Rexións, Michel Lebrun, cos responsables das principais asociacións rexionais europeas.

Na sede da Comisión Europea. Rue de la Loi, nº 200. Edificio Berlaymont.

Declaracións ao remate da reunión.

18,00 h.- A presidenta do Parlamento de Galicia, Pilar Rojo Noguera, acompañada polo presidente do Comité das Rexións, participa na inauguración da exposición “51 páxinas das nosas letras”, organizada pola Cámara lexislativa autonómica coa colaboración da Real Academia Galega e a Xunta de Galicia, para poñer en valor as figuras dos escritores e escritoras galegos homenaxeados durante o medio século de historia do Día das Letras Galegas. Na sede do Comité das Rexións. Rue Belliard, 99-101.

(Enviarase nota de prensa sobre as dúas actividades).

Saúdos, Gabinete de Comunicación do Parlamento de Galicia.